

ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS

1. CARACTERÍSTICAS DA ÁREA

Se ben os seres humanos nos comunicamos a través de diferentes medios e sistemas (o corpo, os xestos, os signos, os símbolos, etc.), o medio máis universal de comunicación é, sen dúbida, a linguaxe oral, que permite recibir información, asegurando a comunicación (comprensión e expresión), a representación, a orientación e a autorregulación do pensamento e a acción.

De acordo con esta concepción funcional da lingua, a acción educativa nesta área na etapa de Educación Primaria ha de radicar en conseguir que os alumnos e as alumnas dominen as catro destrezas básicas da lingua: escoitar, falar, ler e escribir.

Por isto, dedicaremos especial atención á aprendizaxe da lingua oral e escrita iniciando o alumno e a alumna en:

- A narración e descrición das experiencias e situacións anecdóticas.
- A produción eficaz de fonemas.
- A utilización dun vocabulario rico en cantidade e calidade.
- A congruencia do discurso co contido.

2. ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA NO SEGUNDO CICLO

No Segundo Ciclo de Educación Primaria desenvólvense neste Proxecto contidos pertencentes aos cinco bloques que compoñen a área.

2.1. Lingua e sociedade

Os contidos deste bloque serán, sobre todo, actitudinais, xa que partindo da observación e constatación dos diversos comportamentos lingüísticos do contorno, potenciarase unha actitude positiva cara á existencia das dúas linguas, galega e castelá. Así mesmo, potenciarase a sensibilidade ante os prexuízos referentes ás linguas, e as súas variedades sociais e xeográficas, así como cara á aceptación da lingua como instrumento configurador da identidade persoal e colectiva.

Así, convirá traballar co alumnado os seguintes aspectos:

- a) Tolerancia e respecto no uso das dúas linguas cooficiais de Galicia e necesidade da normalización.
- b) Información, a nivel elemental, da situación lingüística e dos feitos culturais máis salientables de Galicia.

2.2. Lingua oral

A capacidade de comunicación oral do alumnado deste ciclo e o desenvolvemento do seu pensamento permítelles facer certas xeneralizacións. Amplíanse os seus centros de interese e son quen de actuar dunha maneira máis flexible e de ir máis alá do inmediato e do explícito. Ademais, a variedade de situacións aumenta e as intencións comunicativas son diversas. A sintaxe comeza a ser máis racional, construíndo oracións cunha maior precisión no vocabulario e riqueza nas coordinacións (e iniciando as subordinacións). Os seus diálogos son máis ordenados e as súas narracións máis complexas, e xustifican as súas opinións sen saírse do tema que ocupa a súa conversa.

Para desenvolver a comunicación oral, a produción de mensaxes afondará na organización das ideas, no emprego de formas que permitan construír un texto coherente e na selección de formas adecuadas á situación e á intención comunicativa.

Así, convirá traballar co alumnado os seguintes aspectos da comunicación oral:

- As distintas formas que pode presentar a comunicación oral dependendo da intención comunicativa.
- As modalidades e variantes da lingua oral no medio habitual dos nenos e das nenas.
- Os elementos lingüísticos e non lingüísticos que interveñen na comunicación oral.
- A importancia da tradición oral popular en Galicia e as formas que presenta (lendas, contos, romances, paremias, refráns, oracións, adiviñas...).

2.3. Lectura e escritura

Durante o segundo ciclo, desenvólvense as capacidades de comprensión e expresión escritas iniciadas no ciclo anterior. A lectura en voz alta, atendendo á articulación precisa dos fonemas, a entoación adecuada, a acentuación correcta, a ausencia de silabeo, etc., ha ser unha práctica constante na aula que permitirá desenvolver capacidades de comprensión e expresión, ao mesmo tempo que espertará o seu interese e curiosidade por descifrar textos escritos.

Para a comprensión de textos escritos desenvolveranse estratexias que permitan a comprensión do sentido global de textos e a elaboración do resumo dos seus elementos esenciais, así como a exposición de opinións persoais sobre os textos lidos. Traballarase a comprensión lectora de distintos tipos de textos, literarios (narrativos, descritivos, poéticos e dramáticos) e non literarios (proprios da actividade escolar: notas, guións, esquemas...), promovendo as destrezas requiridas para a escritura dos mesmos e atendendo á organización lóxica das ideas, á corrección gramatical e á propiedade léxica.

Procurarase que a aprendizaxe da lingua estea vinculada ao desenvolvemento do gusto pola lectura e a escritura, elixindo textos de interese, fomentando o contraste de puntos de vista e compartindo experiencias. Non se deixará de prestar atención á identificación dos tema e usos que denoten calquera tipo de discriminación social, racial ou sexual, para sensibilizar o alumnado na busca de expresións e hábitos alternativos.

2.4. A lingua como obxecto de reflexión

Neste nivel, o estudo da lingua céntrase principalmente no uso coherente e adecuado da comunicación oral e escrita, respectando as normas que rexen os seus códigos.

Así, neste nivel o estudo da lingua céntrase nos seguintes aspectos:

- A lingua como instrumento de comunicación privilexiado.
- As letras, as sílabas e as palabras: clases, formación (prefixos e sufixos) e significado (familias léxicas e campos semánticos, sinónimos e contrarios).
- As normas ortográficas máis frecuentes: maiúsculas, signos de puntuación, acentuación, B/V...).
- Tipos de textos e estruturas de cada un deles (narración, descrición, teatro, poesía, cómic...).

2.5. A lingua e os medios de comunicación

O traballo con textos nos que se integren a linguaxe verbal e as linguaxes non verbais, así como os medios de comunicación deben ser utilizados na aula principalmente como fonte de entretemento, pero tamén como instrumento para desenvolver a competencia oral e facilitar a aprendizaxe da lectura e a escritura. O traballo sobre imaxes pode iniciar a nenas e nenos na aprendizaxe de mirar, de ver e de contar.

Así, convirá traballar co alumnado os seguintes aspectos:

- Os elementos da comunicación non verbal: sons, acenos, miradas, cores...
- A importancia dos elementos icónicos na sociedade actual.
- Diferentes medios de comunicación de masas: prensa, radio, televisión.
- A lingua en interacción coa música e coa mímica: recitado, canto, dramatización.

2.6. Iniciación á literatura

Respecto aos contidos referidos a Literatura propónse a lectura de diferentes textos: anuncios, noticias, contos e lendas, poemas... e o comentario sobre distintos aspectos: vocabulario, argumento, personaxes... así como sinxelas producións de todos eles.

3. OBXECTIVOS

Preténdese que o alumno e a alumna, ao finalizar o Segundo Ciclo de Educación Primaria, alcancen os seguintes obxectivos:

Obxectivos para a etapa

1. Valorar e estimar a lingua de Galicia, facendo uso dela con normalidade en todas as situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa ante as intervencións dos outros interlocutores.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 1.1. Valorar e estimar a lingua galega e usala como medio de transmisión en todas as situacións da súa vida cotiá.
- 1.2. Respetar aqueles interlocutores que utilicen unha lingua diferente.

Obxectivos para a etapa

2. Comprender oralmente e por escrito diferentes tipos de mensaxes, de acordo coas necesidades da súa idade, relacionándoas coas súas experiencias e aplicándoas aos novos procesos de aprendizaxe.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 2.1. escoitar e comprender mensaxes orais diversas máis amplas e complexas vinculadas aos seus centros de interese e ás súas experiencias.
- 2.2. Aplicar a comprensión de textos orais e escritos a novas situacións de comunicación.
- 2.3. Captar o senso xeral de textos orais e escritos diferenciando os datos esenciais dos detalles superfluos.

Obxectivos para a etapa

3. Expresarse oralmente e por escrito na nosa lingua con coherencia, corrección e creatividade.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 3.1. Profundar no desenvolvemento da expresión oral en diferentes situacións de comunicación, producindo textos máis complexos e con vocabulario máis rico.
- 3.2. Expresar as súas vivencias e experiencias dun xeito creativo a través de textos narrativos e descritivos, empregando procedementos sinxelos que dean cohesión ao texto.

Obxectivos para a etapa

4. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística do Estado, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas presentes en Galicia, e valorando a súa existencia como contribución enriquecedora.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 4.1. Apreciar a existencia doutras linguas e desenvolver unha actitude positiva cara a elas.
- 4.2. Respectar distintos usos de lingua.

Obxectivos para a etapa

5. Utilizar harmonicamente todos os recursos expresivos, tanto lingüísticos coma non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 5.1. Interpretar e producir mensaxes nas que se combinen, ademais dos recursos expresivos empregados no primeiro ciclo, imaxes, debuxos, sons... mostrando unha intención comunicativa.
- 5.2. Memorizar e interpretar textos orais sinxelos (poemas, cancións, adiviñas, trabalinguas...).

Obxectivos para a etapa

6. Ler con fluidez e comprensión, valorando a lectura como fonte de pracer, diversión e aventura, atopando nela unha canle de formación, información, ampliación de experiencias e un medio de recuperación, perfeccionamento e enriquecemento da lingua.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 6.1. Afeccionarse á lectura para divertirse e coñecer un mundo distinto de aventuras, comparándoo coas súas propias experiencias para poder amplialas.
- 6.2. Ler con fluidez e comprender textos máis extensos e complexos.
- 6.3. Descubrir que a lectura é un medio para adquirir información ao mesmo tempo que lle serve para perfeccionar e enriquecer a súa lingua.
- 6.4. Aprender a buscar información para resolver dúbidas en libros de consulta, da biblioteca, manexar fichas e ficheiros.

Obxectivos para a etapa

7. Construír a través do emprego da lingua a propia personalidade, desenvolvendo a sensibilidade estética e exercitando a creatividade.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 7.1. Ampliar as posibilidades creativas e expresivas da lingua a partir da creación de textos, para aumentar a sensibilidade estética e formar a súa propia personalidade, tendo como modelos textos literarios ou partindo de textos creados por eles mesmos.
- 7.2. Achegarse á literatura para desenvolver a sensibilidade estética e estimular a imaxinación.

Obxectivos para a etapa

8. Utilizar a linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 8.1. Valorar a lingua oral e escrita como instrumento para conservar de modo estable e permanente a información; así como medio para a revisión e mellora das súas propias producións.
- 8.2. Utilizar progresivamente a linguaxe oral e escrita como instrumento de planificación de actividades de ensinanza-aprendizaxe en todas as áreas.

Obxectivos para a etapa

9. Coñecer e utilizar o léxico adecuado ás necesidades comunicativas e de aprendizaxe desta idade, rexeitando as expresións que comporten calquera tipo de discriminación ou resulten de calquera xeito atentatorias contra a dignidade e os dereitos da persoa.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 9.1. Recoñecer e identificar que determinados usos de lingua, en textos orais e escritos, ofrecen valoracións distintas con respecto á relación entre sexos, entre clases sociais e entre razas.
- 9.2. Mostrar unha actitude crítica cara aos usos de lingua que comporten calquera tipo de discriminación.
- 9.3. Buscar expresións alternativas para substituír aqueles termos que comporten calquera tipo de discriminación.
- 9.4. Recoñecer e empregar un vocabulario que satisfaga as súas capacidades comunicativas, sendo capaces de clasificalo e relacionalo.

Obxectivos para a etapa

10. Coñecer e diferenciar as linguaxes e os soportes dos diferentes medios de comunicación, razoando a súa importancia na configuración das preferencias e das opinións persoais.

Obxectivos para o Segundo Ciclo

- 10.1. Coñecer e analizar os elementos característicos dos medios de comunicación.
- 10.2. Interpretar mensaxes nas que aparecen recursos expresivos non lingüísticos.
- 10.3. Prestar atención ás mensaxes non explícitas dos medios de comunicación.

4. CONTIDOS

Os contidos propostos para este ciclo, na área de Lingua Galega e Literatura, son os seguintes:

4.1. Contidos conceptuais

TERCEIRO CURSO

1. Lingua e sociedade

- A situación lingüística de Galicia.
- A necesidade da normalización e a normativa.
- A realidade plurilingüe e pluricultural, do estado e do mundo, como expresión de diversidade e riqueza.

2. Lingua oral

- Formas básicas da comunicación oral segundo a intención comunicativa (a presentación, a conversa telefónica, o diálogo, o relato, a narración, a descrición, o recitado de poemas...).
- Elementos non lingüísticos que acompañan a comunicación oral: a expresividade e a entoación (os xestos).
- Formas da tradición oral de Galicia: as adiviñas, os refráns, os trabalinguas...

3. Lectura e escritura

- Peculiaridades da comunicación escrita: convencionalismo, dirección da escritura, linearidade, separación de palabras...
- A necesidade da comunicación escrita como medio privilexiado de diversión, formación e información.
- Diferentes tipos de textos escritos: narrativos, poéticos, descritivos, intrutivos, dialogados, teatrais...
- Diferentes soportes da linguaxe escrita: cartas, postais, carteis, periódicos, revistas...

4. A lingua como obxecto de reflexión

- Tipos de textos e estruturas de cada un deles: narración, descrición...
- A sílaba. A palabra. O nome. O adxectivo. O xénero e número. O artigo. Os determinantes. O pronomes persoal. O verbo.
- O significado das palabras: familias léxicas e campos semánticos, palabras derivadas e compostas (prefixos e sufixos), sinónimos e antónimos, polisémicas, expresións e frases feitas...
- Normas ortográficas en casos frecuentes e constantes: maiúsculas, a separación de sílabas, a acentuación, os signos de puntuación, C/Q, B/V, MB/MP, R/RR, NH...

5. Lingua e medios de comunicación

- Os elementos da comunicación non verbal (sons, acenos, xestos...).
- A linguaxe en interacción coa música: recitado de poemas, dramatizacións...

- Os medios de comunicación escritos: periódicos, revistas.

CUARTO CURSO

1. Lingua e sociedade

- A situación lingüística de Galicia.
- A necesidade da normalización e de normativización.
- A realidade plurilingüe e pluricultural, do estado e do mundo, como expresión de diversidade e riqueza.

2. Lingua oral

- Formas básicas da comunicación oral segundo a intención comunicativa (a conversa telefónica, o conto, a lenda, o romance, o recitado de poemas...).
- Elementos non lingüísticos que acompañan a comunicación oral: a expresividade.
- Formas da tradición oral de Galicia: os trabalinguas, as adiviñas, os chistes...

3. Lectura e escritura

- Peculiaridades da comunicación escrita: posibilidade de comunicación con interlocutores non presentes, permanencia, fixación do pensamento, posibilidade de revisión...
- A necesidade da comunicación escrita como medio privilexiado de diversión, formación e información (xeroglíficos, xogos de palabras, o dicionario).
- Diferentes tipos de textos escritos: a narración, o conto, o cómic, a descrición (de obxectos e de persoas), a noticia periodística...
- Diferentes soportes da linguaxe escrita: cartas, carteis, periódicos...

4. A lingua como obxecto de reflexión

- A comunicación.
- A oración. Tipos. O suxeito e o predicado.
- O nome: común e propio, individual e colectivo. O xénero e o número.
- O adxectivo. Os determinantes. O pronome persoal. O verbo. Os adverbios.
- Tipos de textos e estruturas de cada un deles: narración, descrición, poesía, teatro...
- Normas ortográficas: acentuación, ditongos, maiúsculas, palabras dificultosas, abreviaturas e siglas.
- O significado das palabras: sinónimos, antónimos, polisémicas, homófonas, familias de palabras e campos semánticos, xentilicios, palabras derivadas e compostas (prefixos e sufixos), frases feitas e onomatopeas.

5. Lingua e medios de comunicación

- Os elementos da comunicación non verbal (sons, acenos, xestos...).
- A linguaxe en interacción coa música: recitado de poemas, dramatizacións, representacións de contos...
- Os medios de comunicación escritos: periódicos, revistas.

4.2. Contidos procedementais

1. De reflexión sociolingüística

- Emprego da lingua de acordo coas particulares necesidades comunicativas que se suscitan no contexto dos alumnos e das alumnas.
- Observación e comprensión dos diversos comportamentos lingüísticos presentes na vida social, xulgando criticamente as súas motivacións.

2. De expresión oral

- escoita e comprensión de textos máis extensos e complexos.
- Participación planificada en situacións de intercambio comunicativo: realización de enquisas, intervención e conversas organizadas...
- Emprego dos hábitos e normas convencionais de toda situación comunicativa: respecto das quendas de intervención, petición de palabra, uso de fórmulas de relación social, ton de voz, etc.
- Identificación dos elementos que definen a situación de comunicación: quen, que, onde, como, cando...
- Diferenciación de ideas esenciais e accesorias. Resumo das ideas fundamentais dun texto oído.
- Dedución da intencionalidade do discurso: informativo, persuasivo, argumentativo...
- Emprego das habilidades lingüísticas, conservando a harmonía cos argumentos defendidos con anterioridade e contestando con coherencia ás intervencións procedentes dos interlocutores.
- Recoñecemento das relacións que se establecen entre os elementos do texto (relacións espaciais e temporais, aspectos sinxelos da secuencia lóxica...).
- Emisión de xuízos sobre mensaxes orais na que se detecte a comprensión dos argumentos do interlocutor.
- Emprego de mensaxes orais, relacionando a propia experiencia co medio social e cultural.
- Producción de mensaxes que obedezan a diferentes necesidades de comunicación (relatar con detalle experiencias presentes e pasadas, anticipar e predicir feitos, pedir e dar informacións, responder a consignas...).
- Narración de aventuras reais ou fantásticas, anécdotas, costumes...
- Descrición de obxectos, persoas...
- Dramatización e recitación de textos literarios e non literarios.

- Utilización adecuada de recursos non verbais (acenos, miradas, movementos corporais...) como medio eficaz de potenciar a expresividade das mensaxes orais.

3. De adquisición e afianzamento do proceso lecto-escritor

- Lectura expresiva en voz alta de textos de diverso tipo, atendendo á correspondencia co que está escrito: articulación precisa dos fonemas, entoación adecuada, acentuación correcta...
- Lectura comprensiva de diferentes textos escritos e respostas a preguntas sobre a lectura. Emprego de estratexias para resolver dúbidas na comprensión: reler, acudir ao dicionario...
- Busca a partir do texto, de certa información específica e resumo de textos recollendo o contido esencial e establecendo a xerarquía das ideas.
- Exposición de opinións persoais sobre textos lidos, achegando argumentos coherentes.
- Organización de ideas de acordo coas normas básicas da estrutura textual correspondente: narración, descrición, conto...
- Produción de textos escritos diversos atendendo á organización lóxica, á claridade, á orde e á coherencia, á corrección gramatical e ortográfica, á propiedade léxica, á adecuación do nivel de lingua á situación comunicativa e á propia natureza do texto, e á presentación externa.
- Produción de textos como expresión do propio mundo interior e como medio para explorar as posibilidades creativas da lingua escrita.
- Narración de aventuras, anécdotas, costumes... e descrición de persoas, obxectos...
- Utilización do subliñado, de esquemas e de resumos como medio para assimilar os contidos.
- Emprego da lingua escrita cun fin lúdico (resolución de encrucillados, sopas de letras, rimas...).

4. De coñecemento das estruturas da lingua

- Recoñecemento e uso adecuado de diversos tipos de palabras e forma en que están construídas (nome, adxectivo, pronome, determinantes, verbo, adverbio...).
- Observación de normas básicas de construción de oracións (orde dos elementos, concordancias...).
- Elaboración e recoñecemento de familias léxicas e relacións semánticas relacionadas cos seus intereses, necesidades e coas outras áreas do currículo.
- Emprego de distintos procedementos na formación de palabras. Composición e derivación. A palabras como xogo.
- Utilización do dicionario para a interpretación e produción de textos propios e alleos.
- Identificación e uso adecuado das regras ortográficas: maiúsculas, acentuación, signos de puntuación...

- Manipulación de textos, oracións e secuencias, observando as variacións que se derivan dos cambios realizados.

5. De iniciación á comunicación non verbal e análise dos medios de comunicación

- Observación e interpretación de imaxes, asociándoas con sons, onomatopeas...
- Producción de mensaxes nas que se integren elementos lingüísticos con elementos doutros códigos non verbais.
- Utilización adecuada de acenos, miradas, movementos corporais, sons... como medio eficaz de potenciar a expresividade nas dramatizacións mímicas.
- Utilización dos diferentes medios de comunicación (prensa, radio, televisión) como fonte de entretemento, análise ou recreación, e reparando nas súas linguaxes específicas.
- escoita atenta e comprensión de mensaxes procedentes destes medios.

4.3. Contidos actitudinais

- Concienciación da existencia de diversas linguas nun contexto máis amplo.
- Tolerancia coas realizacións lingüísticas non coincidentes coa propia.
- Sensibilidade ante os prexuízos referentes ás linguas e ás variedades sociais e xeográficas das mesmas.
- Interese e gusto por participar en situacións de comunicación oral, respectando as normas de interacción comunicativa oral e escrita.
- Afección e interese pola lectura e pola escritura como fonte de pracer e diversión.
- Valoración do texto literario escrito como fonte de información e de aprendizaxe.
- Valoración positiva das producións orais e escritas, tanto propias como alleas, caracterizadas pola súa corrección, eficacia comunicativa, beleza, orixinalidade e creatividade.
- Coidado na presentación dos escritos.
- Interese pola expresión escrita das propias ideas, experiencias e sentimentos, valorando a autocorrección.
- Valoración e respecto polas normas ortográficas.
- Interese por adquirir un léxico adecuado apropiado que satisfaga as necesidades comunicativas.
- Interese por expresarse con coherencia e corrección.
- Valoración das posibilidades comunicativas e artísticas dos códigos utilizados na comunicación non verbal e interese pola produción de mensaxes a través destes códigos.
- Recoñecemento da importancia dos medios de comunicación social.
- Valoración crítica das mensaxes audiovisuais.
- Sensibilidade ante temas e expresións que denotan unha discriminación social, sexual, racial, etc., e vontade de emprender autocorreccións pertinentes.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Este proxecto curricular propón o dominio do alumno e da alumna nas seguintes competencias e destrezas:

- Estima a lingua de Galicia e úsaa como canle de transmisión das súas propias experiencias en todas as situacións de comunicación.
- Participa en situacións de comunicación relacionadas coa actividade escolar (actividades en grupo, asembleas, debates, coloquios...) respectando as normas elementais que fan posible a comunicación.
- Comprende o senso global de mensaxes orais de uso habitual e distingue as ideas principais e secundarias.
- Memoriza, reproduce e representa textos orais (poemas, cancións, adiviñas, trabalinguas...), empregando a pronuncia, o ritmo e a entoación adecuadas.
- Produce textos orais (contos, relatos, exposicións, explicacións sinxelas...) adecuados á intención comunicativa, empregando as formas básicas da lingua oral (pronunciación, ritmo, entoación, vocabulario...), así como aspectos verbais.
- Capta o senso global de textos escritos de uso habitual (informativos, literarios...) e resume as principais ideas.
- Le textos máis complexos ca no primeiro ciclo, empregando coñecementos elementais sobre a lingua escrita e procedementos elementais para resolver dúbidas de comprensión.
- Valora positivamente o texto escrito como instrumento de comunicación e como fonte de pracer e de información. E manifesta preferencias na selección de lecturas e expresa as propias opinións sobre elas.
- Redacta textos escritos de diferente tipo (descricións, narracións, diálogos, poemas, cartas, informes...), empregando a estrutura textual correspondente e utilizando os procedementos básicos que dan cohesión ao texto (usar nexos, manter o tempo verbal, puntuar adecuadamente...).
- Comprende e produce mensaxes orais ou escritas nas que se integren os distintos códigos, verbais e non verbais.
- Distingue usos racistas, sexistas e estereotipados en conversas, audicións, contos e imaxes, e introduce as autocorreccións pertinentes ao respecto.